

Ponteareas aspira a 15M€ de fondos FEDER para o PAI

Páxina 3

O Museo acolle a última bicicleta de Manuel Rguez. Barros

Páxina 4

Entroidos 2025

Páxina 6

A Cañiza e Zona Franca avanzan no Parque Empresarial do Vieiro

Páxina 9

O ex alcalde da Cañiza Miguel Domínguez pasa a non adscrito

Páxina 9

Candidatura do Porriño para fondos FEDER

Páxina 13

Humanización das avenidas de Puxeiros e do Rebullón

Páxina 14

III Programa Xuntas en Salceda, Salvaterra e As Neves

Páxina 15



Foto Hernández

O atletismo de Ponteareas esixe unha pista de 400 metros

Páxina 5

O IES Val do Tea aprende historia grazas á zarzuela

Páxina 8



Sabemos lo que quieres Todo pensado para ti

DEL 16 de ENERO al 15 DE MARZO de 2025

Rebajas

Hasta **55%** Dto.

pikolin Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Donald Trump versus a realidade

Cando eu era un crío apenas coñecía o mundo existente porque dispuña dun Atlas Universal que fora de meu pai no que podía descubrir outros países, outros ríos, outras montañas. O meu mundo, a miña realidade existía de forma imaxinaria. Eu non tiña referentes reais de que outro mundo existía, de que noutras partes do universo se vivía doutro xeito; que as persoas alí residentes tiñan outras apetencias, outras ilusións, outros horizontes. Todo se reducía a un espazo xeográfico de apenas unha comarca e a un espazo mental creado polos escasos libros monótonos e aburridos aos que tiña acceso.

Pero, como pasa sempre, dende que o mundo é mundo, as cousas foron cambiando. Eu saín daquel claustro materno-geográfico e funme afacendo a outro mundo máis amplo, máis diverso, máis desenvolvido. Existían grandes diferencias pero era algo asumible, algo que se impuña coa forza dos feitos e coa mente ávida de coñecer mundo, de abrirse camiño.

Foi así como fun crescendo en coñecementos e ilusións. Foi así como dende aquela aldea perdida sen apenas horizonte conseguín facerme un oco no chamado mundo cultural, desenvolvido, no mundo avanzado daqueles tempos, claro.

Hoxe, logo de teren pasados un montón de anos (para qué recordalos?) atópome nun novo mundo que non entendo, no que non me sinto instalado e do que non sei ben que podo esperar. De comezar escribindo nunha pizarra de apenas 30X25 centímetros e cun pizarrín que nin sequera manchaba, unha sorte!, hoxe escribo nun teclado que se reproduce nunha pantalla, que debo gardar de inmediato se non quero perdelo; calquera avería eléctrica ou erro humano pode tirar ao lixo todo o



escrito. A min ocórreme un montón de veces. Non acabo de instalarme dentro deste claustro materno que chaman informática. Sen embargo debo recoñecer que isto que eu non entendo sèrveme para que miles de persoas saiban das miñas preocupacións; que poidan ler o que aquí escribo aínda que sexa por curiosidade.

Pero o que hoxe pretendía dicirlles a todos vdes. era que cheguei á conclusión de vivir nunha realidade inventada dentro doutra realidade existente.

Aí teñen vdes. a un tal Donald Trump que foi elixido polos americanos de América, polos habitantes dunhas terras que tempos ha pertencían na España (tempos aqueles!) e que foi nomeado Presidente dese gran Estado: os Estados Unidos de América lle denominamos todos.

Este señor vive nunha realidade paralela, distinta da nosa e pretende que nós, non só nós senón practicamente medio mundo, nos instalemos nesa realidade súa. Dinos que é quen de rematar dun plumazo guerras que levan anos eliminando persoas, des-

truíndo edificios sen que ninguén saiba ben como pararlás. Chega ao Capitolio americano e ofrécenos a solución, así, dun plumazo.

Europa, a vella Europa, non sabe ben que cartas tomar. Asiste impotente a esta realidade trumpista que non acepta discusións. Ou o tomas ou te expóns ás consecuencias, terribles consecuencias, que eu estou a punto de poñer en marcha. Dinos este enérgumeno humano como se fora un novo King Kong.

En Ucraína están en guerra con Rusia. Disputan espazos xeográficos e non se poñen de acordo. Tres anos de bombardeos, de destrución; tres anos fuxindo a xente da barbarie das bombas, tres anos sen ver un horizonte, unha saída. Chega este vaqueiro das terras altas de Namérica, como diría Caparrós, e dinos ten a chave para abrírnos a porta a unha realidade sen guerras, sen miseria, sen mortes. Claro que aceptando as súas regras. Aceptando que a solución que nos ofrece pasa porque os seus negocios e os negocios de América do Norte sexan beneficiados.....Será verdade, aínda que sexa así?

É posible que esteamos todos vivindo nunha realidade inexistente; que veña este señor, por chamarlle dalgún xeito, e nos convide a disfrutar dese mundo güai que ten preparado para nós? Onde hoxe existe destrución, miseria, morte, horror....Trump ofrécenos hoteis de luxo, deportes náuticos, sombrillas de sol,...en fin, a felicidade que non somos quen de imaxinar?

A Unión Europea anda como pito sen cabeza. Queren sairse dese marco pero fál-

tanlle as forzas e o convencemento de que pode vivir fora do claustro materno trumpista. Dese americano de cabelo loiro, de xestos despectivos, de arrogantes ademáns que se acompaña dun personaxe histriónico ao quer poucos anos hai que coñecemos coma un dos homes máis ricos do mundo. Hoxe é quen nos quita o sono coas súas ideas orixinais; que pretende colonizarnos mentalmente cos bulos, mentiras, disparates que escupe por esas redes sociais da súa propiedade que a todos nos traen de cabeza. Entre os dous subidos ao cabalo de Troia moderno foron quen de poñernos diante dunha realidade que ninguén sabe, a ciencia certa, a onde nos levará.

Eu confeso que non estou demasiado preocupado por min mesmo, xa que me queda pouco tempo para ser escravo dese "imperio mediático"; pero sufro só en pensar o que se lle ben enriba aos meus, fillos e netos, amigos e familiares que terán que lidiar, que vivir nesa nova realidade que nin controlan, nin coñecen, nin serán quen de modular aos seus intereses.

En fin, varios mundos, varias realidades que pasan, que pasarán durante toda a vida dunha persoa. Meus avós, meus pais apenas tiveron que sufrir cambios no devenir da súa existencia. Eu, nós, todos nós somos sometidos a unha transformación física e mental que nos leva non sabemos a onde.

O COVID 19 fixo estragos. Levou por diante a millóns de seres vivos, de persoas boas e inocentes que merecían vivir. Pero o maior erro que cometeu foi non ser quen de liberarnos destas novas realidades que hoxe temos que pelexar, que afrontar.

Virá un novo COVID....para abrírnos as augas deste Jordán dos nosos pecados que nos leve a unha nova Terra Prometida? Que así sexa.

RESTAURANTE
Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Tel.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

PONTEAREAS

Ponteareas solicita 15 millóns de euros de fondos FEDER para o PAI

O Concello de Ponteareas solicitará aos Plans EDIL (Plans de Actuación Integrados de Entidades Locais,) financiado con fondos FEDER, 15 millóns de euros para mellorar o acceso á vivenda, rehabilitar e revitalizar barrios, dinamizar a economía e modernizar os servizos públicos.

En total son dez grandes que permitirán a execución de proxectos decisivos antes do 31 de decembro de 2029. Destacan aquí a revitalización e rexeneración do centro histórico; a adquisición e rehabilitación de vivendas para o alugueiro social; a mellora e incremento dos servizos sociais coa construción de centros de día e socioculturais en Guláns,



Padróns, Pías e Xinzo; a ampliación do centro ASPRODICO e sede do servizo de Atención Temperá; a rehabilitación do edificio de servizos sociais da rúa Oriente; a construción da nova biblioteca pública municipal; a ampliación

e renovación do Museo de Ponteareas; a modernización e transformación dixital como a instalación de asistentes de voz en fogares de maiores que vivan sós no rural e a dixitalización do mercado municipal.

Dez mozos rematan formación no Programa Mentoring

O concelleiro de Xuventude, Cristian Montes, entregou os diplomas aos dez participantes no Programa Xuventude Mentoring na Empresa que favoreceu a formación práctica e o contacto co tecido empresarial por parte da mocidade impulsando as oportunidades de emprego xuvenil.

A Alcaldesa Nava Castro informou que Ponteareas foi “o único concello de Galicia en beneficiarse da última edición deste programa”. Durante as estadias os participantes recibiron unha bolsa de formación dun mínimo de 661,50€



mensuais e tiveron unha persoa tutora encargada do seu seguimento. Proximamente, o Concello

organizará unha xornada informativa sobre o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en Galicia.

Novos cursos CELGA

O Concello informa da nova convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios para a obtención dos Celga 2, Celga 3 e Celga 4, convocados pola Secretaría Xeral da Lingua. O

Servizo de Normalización Lingüística do Concello informa que estes cursos poderanse levar a cabo de xeito presencial e en liña.

“Histórico” saneamento das parroquias



O Concello aprobou un “investimento histórico” de 18.967.048,45€ para a mellora da rede de abastecemento e saneamento do Ciclo Integral da Auga das 24 parroquias, tal e como recolle a estratexia 2030 e a estratexia infraestrutura verde.

Este anteproxecto abrangue unha intervención a catro anos no abastecemento, rede de sumidoiros e depuración da auga

en todas as parroquias e materializa o proxecto de lexislatura máis importante.

O goberno aprobou tamén sancionar á actual empresa de prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) pola comisión de faltas leves, graves e moi graves que ascende a un total de 49,500€. Procede, agora, o goberno local á adxudicación da nova empresa que xestionará este servizo.

Consenso para ximnasio no CEIP Santiago de Oliveira



A voceira do BNG, Cristina Fernández impulsou no pleno de Ponteareas un acordo unánime para instar á Xunta a dotar dun ximnasio ao CEIP Santiago de Oliveira, para que o alumnado poida practicar a cuberto Educación Física e realizar as actividades de psicomotricidade.

O BNG logrou tamén a unanimidade para reclamar á Deputación de Pontevedra a mellora integral da estrada EP-2703 no ba-

rio da Ponte, para resolver os problemas existentes coas canalizacións das augas, dado que as choivas provocaron inundacións en vivendas e afundimentos da calzada polas deficiencias nas canalizacións de pluviais.

Por outra banda, o voceiro nacionalista Miguel Bouzó lembrou que ao goberno de Nava Castro quedánlle menos de catro meses para cumprir a súa promesa do saneamento para todas as parroquias de Ponteareas.

O Tunel
apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

Nattex
Ponteareas

NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 bajo. 36860 Ponteareas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexponteareas@gmail.com
www.nattex.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Denuncian agresión ambiental no Regato da Venda

O BNG acusou ao Concello de "perpetrar unha agresión ambiental no Regato da Venda" tras introducir maquinaria pesada a través da senda para realizar de xeito mecanizado os traballos de limpeza neste espazo protexido, que até o momento se realizaban manualmente.

Nas accións executadas, que tamén afectaron á propia senda polo paso da maquinaria, o Concello realizou unha roza descontrolada á beira do regato, con graves consecuencias para a súa biodiversidade. Acusaron que o "gobierno



de Nava Castro e a dereita fan un lavado verde coa súa propaganda anunciando como pioneira unha

estratexia de infraestrutura verde, pero despois agriden e desprotexen os valores ambientais".

O Museo acolle a última bicicleta de Manuel Rodríguez Barros

Así lle gustaría a meu pai, que se compartise con toda a cidadanía de Ponteareas", explica Cristina Rodríguez, filla do destacado ciclista ponteareán, Manuel Rodríguez Barros, gañador de La Vuelta Cataluña en 1951. Explicou que tomou a decisión xunto a súa irmá Margarita.

Así, a última bicicleta de Manuel Rodríguez pode admirarse no Museo de Ponteareas, aquela que encargou a Macario para retomar o ciclismo logo de terse retirado tras competir nas grandes



probas entre o ano 1947 e o 1960. Durante anos, Rodríguez

Barros estivo entre os dez mellores ciclistas de La Vuelta.

Detido un dos responsables de roubo do cableado público

O concelleiro de Seguridade Cidadá, Juan Carlos González, informou da detención dunha das persoas que supostamente rouba o cable do alumado público, e insiste na necesidade de seguir colaborando cos servizos de seguridade

cidadá "porque esta non é a única persona que prexudica estas infraestruturas públicas que dan un servizo básico". O Concello cifra en máis de 30.000€ o gasto en mercar novo cableado, ao que habería que sumarlle as horas de recursos humanos.

Unha Ponteareas igualitaria

A deputada e líder do BNG ponteareán, Cristina Fernández Davila propón en Ponteareas a creación dunha Valedoría de Igualdade por parte da Xunta e pide que o Concello

de Ponteareas refirme o avance na axenda feminista, pedindo que se cumpra coas reivindicacións de igualdade de xénero e apoio ás mobilizacións este 8M.

"E logo, quen foi" da TVG en Artisteia



A residencia Artisteia acolleu a presentación da webserie da TVG "E logo, quen foi?" producida pola ponteareá Cristina Maró e dirixida pola doutora en Comunicación (USC) Tareixa Barberena.

Acompañadas da actriz Humy

Donado e polos actores David Amor e Fer González conversaron co público asistente sobre o trailer desta historia policial chea de misterio e suspense. A serie está nomeada como "Mellor Webserie da Televisión de Galicia digital".

Campaña lingüística dos Alfombristas do Corpus

A Asociación de Alfombristas Do Corpus Christi de Ponteareas promove unha campaña ante a RAE para que a comisión de neoloxismos estude a proposta de incluír unha acepción máis na palabra ALFOMBRISTA e así se recoñeza aos alfombristas como "...as persoas que confeccionan alfombras de flores e con elementos naturais para manifestacións rituais/relixiosas".

A Asociación impulsa así a proposta que o Ministerio de

Cultura de España presentou ante a UNESCO, a candidatura que leva por título "A Tradición na creación de Alfombras Florais e composicións con materiais naturais", candidatura Internacional para entrar na lista representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, que será avaliada en 2025. A Xunta declarou en 2024 ao Corpus Christi de Ponteareas como Ben de Interese Cultural (BIC) por ser manifestación do Patrimonio Inmaterial de Galicia.

LOVECARS®
www.lovecars.es

A CASA da TRIGA
RESTAURANTE

Abrimos todos os días
de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS

*Non pechamos
cocina*

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS
y AUTOCARAVANAS

☎ **667 40 19 07**
www.pontecamper.com

PONTEAREAS

O atletismo de Ponteareas esixe unha pista de 400 metros

Tralo anuncio do goberno de Ponteareas, fai tres meses, dunha inversión de millón e medio de euros nunha pista de atletismo descuberta de 200 metros, o colectivo atlético ponteareán iniciou unha campaña baixo o lema de "pista de atletismo si, pero non así" para reclamar unha pista de 400 metros e homologada, máis axeitada para o atletismo de media distancia que practican os nosos deportistas, que evitaría lesións polo excesivo peralte das pistas de 200 e facilitaría tanto os adestramentos como a organización de competicións oficiais.

Os deportistas recolleron de máis de 600 sinaturas, fixeron unha campaña en redes sociais na que contaron co apoio de deportistas como la campioa francesa Alice Finot, que reside en Ponteareas, Pedro Nimo, Iván Contreras o Manu Ageitos, adestrador do Celta Atletismo, e manifestáronse este 22 de febreiro diante do Concello.

Logo da polémica xerada, o goberno reuniuse cos clubs atléticos e co Presidente da Federación



Galega de Atletismo e presentóuselles un novo proxecto, que substituíra o anterior da pista de 200m, consistente nunha pista cuberta de 60m de seis calles, con espazo para lanzamento deportivo e con vestuarios.

O 25 de febreiro celebrouse un pleno extraordinario no que se debatíu unha moción conxunta de BNG, PSOE e PeC para tratar o tema e pedindo a creación dunha comisión para "replantexar" o proxecto da pista de atletismo. Os grupos da oposición cederon o seu primeiro turno de palabra á portavoz nomeada polos deportistas, quen lamentou a errática



Proxecto da pista de 60 metros.

improvisación do goberno e que se fixera o proxecto sen consultar cos deportistas, explicou os motivos polos que sería mellor unha pista de 400 metros, para evitar "tirar os cartos", poñendo como exemplo a pista de 200m feita no Porriño na que os atletas corren por fora, pola terra, pois

non serve para adestrar. Tamén puxo como exemplo, pero a seguir, as pistas de 400m construídas na Estrada ou no Vicedo. Así mesmo sinalaron que os terreos que pon o Concello teñen 11.000m e para a pista de 400 farían falta 25.000 ou 30.000m polo que habería que buscar outro terreo, para o que propuxeron a zona da Freixa onde se podería compartir espazos con instalacións doutros deportes. Pediron, finalmente, que se elaborase un plan estratéxico para o todo o deporte, que incluíra ao atletismo e a construción dunha pista de 400m, co acordo e o compromiso de tódolos partidos.

Na súa resposta, o voceiro de ACiP, defendeu os proxectos presentados polo goberno alegando que atoparon a oportunidade de lograr fondos da Deputación para un proxecto singular no pasado mes de setembro e tiñan un mes para presentalo. Apostando por facer unha instalación de atletismo e dispoñendo de un terreo de 11.000m coa cualificación urbanística no PXOM necesaria, nun primeiro momento decidíronse por unha pista de 200m e máis tarde,

tendo en conta o clima e para poder ser utilizada todo o ano, optouse por un módulo cuberto de 60m. Carrera afirmou que ese é o único terreo coa propiedade e o uso esixido e esta a instalación que se pode facer agora, e que sería o primeiro paso da súa aposta polo atletismo e máis adiante poderían conseguirse máis terreos nesta zona e facer as modificacións necesarias no PXOM, trámite que levaría arredor de ano e medio, para poder construír unha pista de 400m.

A alcaldesa, Nava Castro, negoulle a posibilidade de intervención aos grupos da oposición, que tiñan presentado a moción, porque cederan o seu turno aos deportistas, cando estes aínda tiñan un turno de réplica. Tras suspender o pleno durante 15 minutos a alcaldesa deulles un minuto a cada grupo. A oposición cualificou este pleno de "bochorroso" e "esperpéntico" ante o que consideraron como "actitudes antidemocráticas" da alcaldesa.

Finalmente os grupos que apoian ao goberno votaron en contra da creación da comisión.

55.000€ para a estrada Arnoso-Guláns

Alcaldesa Nava Castro e o tenente de Alcaldesa, Juan Carlos González, visitaron o tramo de 600 metros da estrada municipal que une a Arnoso con Guláns e na que o Concello inviste 55.350,28€ na pavimentación e mellora entre o cemiterio municipal de Xinzo e o barrio de Outeiriño. Esta é a conexión máis utilizada polos veciños, tamén para acceder á N-120.

Por outra banda, o concello denunciou que continúa o roubo



de cableado de subministro de luz pública en distintos barrios das parroquias de Areas, Arnoso,

Prado e Ribadetea. González estima en máis de 30.000€ o custo do cableado subtraído.

"Plan Mascotas" para protexer animais de compañía

O Tenente de Alcaldesa e concelleiro de Seguridade Cidadá, Juan Carlos González Carrera, informou do lanzamento da campaña "Mascotas" en colaboración co parque de bombeiros local.

A iniciativa conta coa colaboración de Protección Civil, bombeiros, clínicas veterinarias, perruquerías caninas e o comercio local e promove a colocación



dunha pegatina na entrada dos fogares ou nun lugar visible que indique o número de mascotas.



MISCELANEA

Entroido nas comarcas



En Tui, a comparsa "Relativerso" de Mañufe foi a gañadora absoluta, levando amais o segundo premio en carrozas e o premio de música.



En Tomiño celebraron o "Venres de Foliada". Un amplo programa, desde o día 22, "sábado gordo", ate o mércores 5 co enterro da Taíña, desenvolveuse no 70º Entroido de Goián.



Os escolares de Ponteareas percorreron dende o Concello ata Praza Maior e Reveriano Soutullo.



O Porriño fixo valer a súa tradición de Entroido cunha ampla participación veciñal con moito humor e mensaxes de solidariedade con Valencia.



"En Oroso viven como reinas" gañou no desfile da Cañiza, no que participaron 8 comparsas que incluíron unhas 300 persoas.



Os cabaleiros percorreron as rúas de Salceda de Caselas.

Servizos técnicos forestais
e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

Fidel Rodríguez, medalla de bronce en Poomsae

O Alcalde Luís Piña recibiu no Salón de Plenos a Fidel Rodríguez, adestrador e coordinador do ximnasio municipal, trala súa participación no Campionato de España por Equipos Poomsae celebrado en San Vicente de Raspeig (Alacante), organizado pola Federación Española de Taekwondo, e onde obtivo a medalla de bronce.

Rodríguez competiu ante máis



de 700 deportistas nas categorías

de Poomsae, Parapoomsae e Freestyle e na que estaban en xogo os títulos nacionais e a selección do equipo que representará a España no vindeiro campionato de Europa. O adestrador cañicense sumouse a outras 33 clasificacións conseguidas polos compañeiros da selección galega. Un medallero que conseguiu alzar á Selección Galega como Campióna de España por equipos de Poomsae e Freestyle.

Praza Rita Fernández Queimadelos

No marco das actividades previstas para o 8M, o Alcalde da Cañiza, Luís Piña, e o decano do Colexio de Arquitectos de Galicia, Luciano Alfaya, renderon homenaxe o 5 de marzo á arquitecta galega Rita Fernández Queimadelos co nomeamento da "Praza Rita Fernández Queimadelos" na Praza do Mercado. Natural da Cañiza, foi a terceira muller Arquitecta en España cuxa traxectoria axu-



dou a mudar estereotipos de xénero na profesión.

28 axudas de emerxencia social en 2024

Os servizos comunitarios da Concellería de Asuntos Sociais do Concello de Covelo concedeu 28 axudas de emerxencia social no ano 2024 a familias e persoas con necesidades. Beneficiáronse así un total 16 familias con menores a cargo en axudas para alimentación e farmacia, adquisición de electrodomésticos básicos, subministro eléctrico, tratamentos odontoló-



xicos e axudas estudio. Destináronse un total de 9.400,11 € fi-

nanciados con cargo a Deputación Provincial de Pontevedra.

Escola de Auditores Ambientais en Covelo

O Concello de Covelo pon en marcha a Escola de Auditores Ambientais do CEIP Antonio Blanco Rodríguez. Esta actividade educativa será financiada con cargo as axudas para estudos vinculados á conservación e recuperación do patrimonio natural e cultural da rede Natura 2000 da Xunta de Galicia.



Rehabilitación da Casa da Sociedade en Fornelos



Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, o Concelleiro de obras e o presidente da Comunidade de Montes de Fornelos supervisaron as últimas obras de rehabilitación

acometidas na Casa da Sociedade de Fornelos, de gran valor histórico e sentimental para esta parroquia e que permite desenvolver actividades culturais e sociosanitarias.

Asesoría Técnica Agrícola
AGROVITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Delio Rodríguez nº4 baixo
36860 Pontearreas
agrovitis@agrovitis.es
www.agrovitis.es

CRISel
CONGELADOS

Abrimos de 9:00 a 20:30h

Merluza austral de a bordo!

Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, 1, baixo.
Telf: 672 805 235 - Pontearreas

CENTRO DE ESTUDIOS
TIZAS

VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

Pauta MOTOR

servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Venta de vehículos usados
Tel/Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

CONDADO/PARADANTA

O IES Val do Tea aprende historia a través da zarzuela

Un equipo transdisciplinar aplicou unha iniciativa pedagóxica intitulada "A zarzuela como relatos da sociedade española e as súas historias" que emprega as músicas de zarzuela como ferramentas didácticas para que o alumnado poida profundar non só no seu coñecemento na materia de Xeografía e Historia a través das representacións artísticas do seu tempo, potenciando igualmente o pensamento crítico e cívico.

Esta intervención foi elaborada por un equipo de docentes, músicas e investigadoras, conformado por Marcos Amado Rodríguez, Sara Cayetano Sío, Carmen Bargiela Casanovas, Esmeralda Quiroga Rodríguez e Adrián Barreiro Viñas. O método supuxo o estudo de obras de autores tan asentados como Barbieri ou Chapí, mais tamén



doutras persoas non tan coñecidas, como Elena Faus, unha compositora cuxa figura e algún fragmento da súa obra foron recentemente recuperadas polos traballadores e traballadoras do CEDOA da SGAE.

A maior parte das obras investigadas polo alumnado deron lugar

ao concerto didáctico, no que se aproveitou para volver a facer soar, entre outras pezas pouco habituais no repertorio actual, un número do sainete Encarna, la Misterio (1925), de Reveriano Soutullo e Juan Vert, obra que cumpre este mesmo ano o seu centenario.

A mocidade alza a súa voz pola igualdade

O Concello de Salvaterra presentará o 28 de marzo na Casa da Cultura un vídeo creado por un grupo de audiovisual do IES de Salvaterra en-

marcado nas actividades de conmemoración do Día Internacional da Muller (8M) e que ofrece unha mirada sobre a igualdade e o papel da muller na sociedade actual,

desde a perspectiva da mocidade. Este proxecto busca dar voz aos adolescentes e reflexionar sobre os retos e logros que as mulleres enfrentan a cotío.

O BNG de Ponteareas renova o seu Consello Local



O BNG de Ponteareas renovou os seus órganos de dirección, elixindo a Xabier Prado como responsábel local. A sumen responsabilidades no Consello Local a concelleira e deputada no Parlamento Galego Cristina Fernández, a exconcelleira Verónica Carrera, que asume Organización, Noa Gon-

zález, Hugo Domínguez, Marcos Groba e o concelleiro Xosé Carlos Vázquez. Raúl Rocha, Diana Bernárdez, Diego Rodríguez, Paco Vázquez, Teresa Rodríguez, Suso Represas e a concelleira Verónica Bargiela completan a candidatura coa que Xabier Prado acadou o respaldo da militancia nacionalista na Asemblea Local.

Unidades móviles para a expedición do DNI

Alcaldesa Nava Catro e o tenente de alcaldesa Juan Carlos González reuníronse coa Policía Nacional co obxectivo de contar co servizo de vehículos integrais de Documentación -VIDOC- para a expedición de documentación. Esta unidade móbil permitirá a expedición do

DNI e do pasaporte de forma instantánea, evitando así os desprazamentos a outros concellos para axilizar a tramitación.

Ponteareas beneficiarase desta iniciativa do Plan de Identidade Dixital da Dirección Xeral da Policía no que se adquiriu e transformou un total de 80 vehículos.

MiXturas
CASA DE COMIDAS
Vensteca y Brio
686 321 683 - Mondariz Balneario

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Biona**
CIMEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

TRIFOLIUM INGENIEROS
Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834
Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
653 047 430 / 886 216 505 | lgtrifolium@gmail.com

papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR
BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS
Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es | 623 530 294

TEASEGUROS
Corredora Rosa Domínguez
Rúa Reveriano Soutullo 5, Ponteareas
986 641 623 - 696 379 393

Asinado convenio para o Parque Empresarial do Vieiro

O delegado do Estado na Zona Franca, David Regades, e o Alcalde da Cañiza, Luís Piña, rubricaron o protocolo de colaboración que senta as bases para a implantación e o desenvolvemento do Parque Empresarial do Vieiro cunha superficie de case un millón de m². O protocolo establece a creación dunha Comisión de Seguimento.

Unha vez asinado o protocolo, o próximo paso será solicitar á Xunta a Declaración de Interese Autonómico da actuación para, unha vez aprobada, redactar e tramitar o Proxecto de Interese



Autonómico (PIA) para a implantación do parque empresarial relevante pola súa proximidade coa

Autovía A52, equidistante de Vigo e Ourense e a súa proximidade ao norte de Portugal.

A Cañiza ten novo sarxento da Garda Civil

O Alcalde Luís Piña mantivo un encontro co novo Sarxento Comandante de Posto da Garda Civil da Cañiza que se incorporou ás súas funcións recentemente, para tratar os principais temas de seguridade e a coordinación respectiva co Concello.

O Sarxento Comandante de Posto conta con 12 anos de servizo no Corpo da Garda Civil. Neste tempo prestou servizo en diferentes destinos relacionados coa Seguridade Cidadá e nos últimos



7 anos en labores de investigación e policía xudicial. Agora inicia

unha nova etapa profesional no Concello da Cañiza.

O ex alcalde Miguel Domínguez (PP) pasa a non adscrito

Miguel Domínguez, ex alcalde da Cañiza (2011-2019), pasará agora a ser concelleiro non adscrito dentro da Corporación Municipal, pedindo separarse do grupo municipal e darse de baixa como militante do PP. Se ben non especificou as razóns desta decisión intúese discrepancias e diverxencias internas. Con anterioridade, Domínguez tamén deixara o seu posto como presidente local e voceiro do partido.



“Enjoy Travel Group” promoverá á Cañiza, O Covelo e Balneario



O 14 de febreiro, o Alcalde da Cañiza, Luís Piña; do Covelo, Pablo Castillo; e de Mondariz Balneario, César Gil, asistiron en Santiago á presentación da oferta turística, patrimonial e cultural que para 2025 lanza o tour ope-

rador “Enjoy Travel Group”.

Acordada esta colaboración en FITUR, Enjoy Travel Group presentou os seus novos produtos en Galicia, nos que destacan os activos turísticos destes Concellos ademais do Camiño de Santiago e o Camiño da Estrela.

CPI A Cañiza correu pola paz



O Alcalde Luis Piña visitou o CPI da Cañiza para recepcionar da man da Directora do Centro, Natalia Pernas, os máis de 1.700 kilos de produtos de alimentación, hixiene e limpeza que con-

seguiron os alumnos e profesores na IX Carreira Solidaria do Día da Paz, celebrada o pasado 30 de xaneiro. Estes produtos destinaranse integramente ao Almacén Solidario Municipal de Alimentos do Concello.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

acero plus
impresión digital
IMPRESIÓN · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61
604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julio.perezgiraldes@hotmail.com


C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

MISCELANEA

Serafín Porto e Raquel Vázquez publican “La semilla de la Institución Libre de Enseñanza: Los primeros alumnos (1876-1884)”

Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil presentan, na Editorial Andavira de Santiago de Compostela, un novo libro no que continúan as súas investigacións sobre a Institución Libre de Enseñanza (ILE), centrándose neste caso na creación da ousada experiencia educativa que renovou o panorama pedagóxico en España e nos seus primeiros alumnos.

Trátase dun exhaustivo estudo cuantitativo e cualitativo dun centro que, no principio, pretendía ser alternativa a Universidade oficial na que non se respectaba a liberdade de cátedra, e que acabou acollendo alumnado de primeira e segunda enseñanza, clases de idiomas, ampliación de estudos



universitarios e cursiños de especialización.

Recóllense no traballo os nomes dos profesores e conferenciantes da primeira época da ILE, entre

1876 e 1884, e máis de mil cen alumnos (1.112 en concreto), liderados polo fundador Francisco Giner de los Ríos, e con discípulos tan sobranceiros como Manuel Bartolomé Cossío, casado coa galega Carmen López-Cortón, da familia do pazo de San Fiz de Vixoi (Bergondo), os irmáns Manuel e Antonio Machado, a destacada figura do PSOE e presidente das Cortes durante a Segunda República Julián Besteiro, Eugenio Montero Villegas (fillo de Montero Ríos), José Rodríguez Carracido, que será reitor da USC, etc.

Intelectuais, artistas, escritores, nomes da alta política da Restauración, como Germán Gamazo ou Antonio Maura; os primeiros alumnos da ILE, guiados por Giner,

foron a base da renovación ideolóxico-pedagóxica de España, cruelmente segada durante a guerra civil.

Ademais do prólogo a cargo de José M^a Hernández Díaz, catedrático de Historia da Educación da Universidade de Salamanca, o libro consta de cinco capítulos. No primeiro abórdase o nacemento da ILE con motivo da chamada “segunda cuestión universitaria”, na que un grupo de profesores foron apartados dos seus postos oficiais por defender a liberdade de cátedra trala expulsión de dous profesores da Universidade de Santiago, Laureano Calderón e Augusto González de Linares, defensores das teses darwinistas. O segundo capítulo trata das en-

señanzas e o sentido da escola na ILE. O terceiro, dos estudos xerais de segunda enseñanza, os primeiros que se puxeron en funcionamento. O cuarto, dos estudos superiores científicos e doutros cursos e conferencias. E o quinto, do ensino primario e do primeiro e segundo ensino por seccións.

Engádense, no amplo anexo, a relación nominal alfabética del alumnos que estudaron na ILE nestes primeiros e fundamentais oito anos, entre 1876 e 1884.

Os autores fan unha achega máis aos estudos sobre la ILE, en constante necesidade de revisión, especialmente significativos nesta nosa época de mensaxes efémeras e superficiais.

XXXII FEIRA DO REQUEIXO E MEL

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA



As Neves 18 e 19 Abril 2025

A arte reúne na Cañiza ás Irmandades Militares de España e Portugal

O prestixioso pintor, escultor e anatomista cañicense Diego de Giráldez organizou os días 22 e 23 de febreiro, en colaboración co Concello, este acto no que participaron as asociacións e irmandades militares "Amigas da arte" de Diego de Giráldez, tanto de España como do norte de Portugal, para agradecer o apoio recibido durante a súa traxectoria artística e con motivo do 27º aniversario da formación da Casa de Encontro coa Arte "Realismo NAS".

Estiveron representadas a Irmandade provincial de regulares Veteranos, Irmandade provincial



de Cabaleiros lexionarios de Pontevedra, Asociación C. Cristo dá Boa Morte, A.C.L. de Lexionarios de Galicia, Asociación de Veteranos das Forzas Armadas-Galicia, Ir-

mandade Gardas Cívís Auxiliares, Asociación de Mariñeiros da ETEA e da Armada e Ligas portuguesas de Combatentes de Ponche de Lima e de Valença.

Crecente aposta pola gandería extensiva

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balaseiros, reuniuse co alcalde de Crecente, Julio César Luengo, para abordar iniciativas a prol do rural e, en particular, no que atinxe á creación de pasteiros, para favorecer e impulsar a gandería en extensivo no municipio, favorecer a



recuperación de terras e loitar contra os incendios forestais.

Taller de Igualdade en Salvaterra

A Concellería de Igualdade de Salvaterra anuncia para o mes de marzo e ata xuño a celebración do taller "Teatro en Igualdade" totalmente gratuíto,

subvencionada polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero do Ministerio de Igualdade. A través das artes escénicas, o taller emprega dinámicas de grupo,

exercicios de interpretación e actividades creativas, os asistentes aprenderán a traballar en equipo e a comunicar mensaxes poderosas que fomenten a igualdade.

PP afina estratexias nas Neves



O PP Provincial, co seu presidente Luís López á cabeza, vén de celebrar unha reunión de traballo no municipio das Neves con todos os integrantes da candidatura pola circunscrición de Pontevedra nas

pasadas eleccións autonómicas 2024 con motivo do 1º aniversario da vitoria de Alfonso Rueda, onde analizou os retos e os proxectos de futuro para a provincia e as estratexias para afrontar as municipais do 2027.

CEIP de Crecente, exemplo de ensino no rural

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, comprobou o resultado das últimas obras realizadas no Colexio CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro de Crecente a través das que se renovou a cuberta de patio e se mudaron media ducia de fiestras. A Xunta ten inves-

tido 170.000€ neste colexio que conta con 50 alumnos e doce profesores.

O instituto participa nun gran número de iniciativas innovadoras dentro do programa de impulso de Centros Referentes tales como Clubs de Lectura, Radio na Biblio, Lectura e familias ou Biblioteca Creativa, entre outros.

Acceso autónomo para a Biblioteca de Salvaterra

A Biblioteca Municipal de Salvaterra conta xa cun pioneiro sistema de acceso autónomo a través de tarxeta que permitirá ós usuarios

facer uso das instalacións nun horario ampliado. A Biblioteca, inaugurada en 2022, rexistra un aumento de usuarios chegando ós 800 no final do ano pasado.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURINHA

Carla Marques gaña o IV Concurso Escolar de Carteis do Entroido

O Concello do Porriño deu a coñecer o cartel oficial do Entroido 2025. A ilustración de Carla Marques Vaquero, alumna de 4º de ESO do Colexio Santo Tomás, foi a elixida como imaxe representativa deste ano tras proclamarse gañadora do IV Concurso Escolar de Carteis do Entroido. O certame contou cunha gran participación dos centros educativos de primaria, secundaria e ACEESCA.

Por outra banda, o Concello organizará un campamento diri-



xido á cativada de entre 3 e 12 anos os días 3, 4 e 5 de marzo co

obxectivo de permitir a conciliación laboral e familiar.

Máis de 300.000€ para pavimentación nas parroquias

O Concello de Porriño vén de sacar a licitación esta mesma semana a contratación da obra de repavimentación dunha decena de camiños localizados en distintas parroquias cun orzamento base de 302.106,32 euros.

Serán beneficiados cinco camiños en Budiño, nos barrios de Mantelle, Vacaría, A Chan, O Casal e Cerquido, e, por outra, actuarase na mellora doutros cinco viarios municipais en Torneiros e Pontellas. Todas estas actuacións están



financiadas polo Plan de Obras e Servizos de competencia municipi-

pal, o Plan + Provincia 2024, da Deputación de Pontevedra.

“8M, 365 días”

O Concello do Porriño presentou na Casa Consistorial a programación de actividades para conmemorar o Día Internacional da Muller baixo o lema “8M, 365 días”. Na presentación estiveron o Alcalde Alejandro Lorenzo e a concelleira de Igualdade e Educación, Carolina González Costas.



O programa inclúe presentacións de libros, lectura de manifestos, reparto de rosas moradas, vídeos reportaxes conmemorativos, xogos tradicionais con enfoque de xénero, o concerto de LAW, mesturando reggae, r&b, psytrance e música tradicional galega, e a actividade “Banco da Igualdade” nos centros educativos.

Nova iluminación para o campo da UD Atios



O Concello do Porriño vén de tramitar un convenio de cooperación coa Xunta para sufragar os gastos da reforma na iluminación no campo de fútbol O Carballo de Atios cun orzamento base de licitación de 46.126,52€, dando así resposta a unha demanda do club UD Atios, segundo explicou o Alcalde Alejandro Lorenzo.

As obras teñen un prazo de execución de oito semanas. Desmontaranse as luminarias existentes e colocaranse as novas, consistentes nun proxector de alto rendemento deseñado para aplicacións industriais e deportivas, con óptimo deseño para disipación de calor e redución de deslumbramento.

Aberto prazo para matrícula escolar 2025/26



A partir do 20 de marzo está aberto o prazo para solicitar praza nos centros educativos de cara ao curso 2025/26, tanto de maneira presencial nos centros como a través da plataforma electrónica habilitada pola Xunta.

Este procedemento está destinado tanto ao alumnado que accede por primeira vez ao sistema educativo, especialmente aos nenos e nenas de 4º de

Educación Infantil así como aos estudantes de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato que desexen cambiar de centro escolar, sempre que existan prazas vacantes. Os centros educativos incluídos neste proceso son: EEI de Mosende; CEIPP Xosé Fernández López (O Porriño); CEIPP Antonio Palacios (Torneiros); CEIP Ribeira (Torneiros); CEIPP de Atios (Atios); CEIP da Cruz (Budiño); CPR Santo Tomás; CPR Quiroga.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

Candidatura para fondos FEDER de sustentabilidade urbana

O Porriño presentou a súa candidatura ao Plan de Actuación Integrado (PAI), no marco da convocatoria FEDER de Desenvolvemento Urbano Sostible promovida polo Ministerio de Facenda, optando a investimentos valorados en 15M€.

O PAI de O Porriño estruturase en tres eixos fundamentais: a mellora da calidade urbana e ambiental, a inclusión social e a dinamización económica. Tamén contempla a transformación en espazo público de Torneiros, incluíndo a conectividade peonil con O Porriño; a implantación



dunha liña de transporte eléctrico app para a xestión do transporte municipal; e a creación dunha público.

Visita do Conselleiro de Emprego

O Conselleiro de Emprego da Xunta de Galicia visitou O Porriño, José González Vázquez para coñecer de primeira man os programas mixtos de emprego e formación que se están a desenvolver no Porriño grazas ao financiamento da Xunta. No multiusos de Torneiro, o equipo técnico dos proxectos realizou unha exposición sobre as iniciativas en marcha.

Actualmente, están en execución dous programas mixtos de formación e emprego: “O Noso Encontro co Emprego”, para menores de 30 anos, que se desenvolverá ao longo de 12 meses, cunha subvención de 438.603 euros, de albanería de urbanización e carpintería de madeira, e o Obradoiro Dual de Emprego “O Porriño Humaniza”, de 9 meses, para desempregados en xeral, cun financiamento de 411.920 euros e en materia de albanería e pintura.

Ademais da formación, a través do primeiro programa o alumna-



do-traballador realiza traballos de carpintería para a reparación de tres pasarelas no Paseo do Louro, así como labores de albanería de urbanización na renovación das beirarrúas da Rúa Paralela 3 do Polígono de A Granxa. Os do segundo programa levará a cabo tarefas como a renovación das beirarrúas na avenida principal do Polígono Industrial de A Granxa, así como traballos de albanería e pintura no Multiusos de Torneiros, no Centro Cultural Municipal, na Casa Consistorial e en varias rúas do centro urbano e

do Polígono Residencial de Torneiros.

Estes programas, xunto con outras políticas activas de emprego que a Xunta está a desenvolver en colaboración co Concello do Porriño, supoñen un investimento superior aos 1.250.000 euros por parte da Xunta, cunha aportación do Concello que supera os 300.000 euros. Grazas a esta colaboración, máis de 500 persoas mellorarán as súas oportunidades de inserción laboral, adquirindo novas competencias que lles permitirán acceder a un emprego.

Menchu Pereira, nova responsable local do BNG



Tras varios anos na organización do BNG do Porriño, Menchu Pereira Pereira asume agora a función de responsable local substituíndo a Marcelo Rodríguez, un dos tres membros do grupo nacionalista no goberno local. Con esta renovación búscase que o equipo do BNG no Concello se poida centrar na súa acción política ó tomar as responsabilidades da

organización e do traballo do partido outras persoas militantes.

O Consello Local conta con dous novos formantes: Cristian Rodríguez González e David González Domínguez. Ademais, continuarán dentro do consello os tres formantes do grupo municipal do BNG -Pedro Pereira, Miriam Martínez e Marcelo Rodríguez- e Soraya Domínguez Portela.

O Porriño, capital galega do Hip Hop



O Polideportivo Municipal foi o escenario este 2 de marzo da primeira proba da Liga Galega Xunta de Galicia de Hip Hop con preto de 600 deportistas procedentes de todo o territorio galego en tres categorías: grupos, parellas e in-

dividual. A competición estivo organizada polo Club de Baile Deportivo Pasos-Bailegalicia Tras O Porriño, este evento seguirá o 22 de marzo en Fene, o 10 e 11 de maio en Narón, o 8 de xuño en Lugo e o 22 dese mesmo mes en Vigo.

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Reforzo Escolar

MOTIVACIÓN
TÉCNICAS DE ESTUDIO
PREPARACIÓN DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4-1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatiempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

LOURINHA

Humanización das avenidas de Puxeiros e do Rebullón

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Alleque, e a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, asinaron un convenio de colaboración para o proxecto de remodelación urbana que transformará as avenidas de Puxeiros e do Rebullón cun investimento conxunto de 1,3M€.

O obxectivo desta actuación é crear un espazo máis accesible, verde e sostible, mellorando a calidade de vida da cidadanía. Toda vez, a conselleira explicou



que xa están adxudicadas as 20 vivendas públicas na contorna de San Eleuterio, que agardan estean finalizadas para 2026.

Reforma integral da estrada Porriño-Gondomar

Alcaldesa, Nidia Arévalo e o edil mosense da parroquia de Pereiras, Leo Costas, reuníronse co xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta, Manuel Ángel González Juanatey, para abordar a proposta de proxecto para a reforma integral da estrada PO 331 Porriño-Gondomar solicitada polo goberno local.

A reforma rexeráse por tres liñas de actuación destacables a ter en conta: prioridade peonil, beirarrúas anchas e zonas verdes



arboradas. Inclúe o deseño con tres rotondas separadas entre si cunha distancia duns 500 metros para favorecer a mobilidade peonil.

A parte máis afectada é o tramo que vai desde o Cristo de Belén ao Colexio de Atín-Cela, que supera os 2 quilómetros de lonxitude.

Arévalo esixe no Senado a gratuidade da AP-9

Alcaldesa de Mos, senadora por Pontevedra, e portavoz adxunta no Senado, Nidia Arévalo, defendeu no pleno da Cámara Alta unha moción consecuencia da interpelación ao Ministro, Óscar Puente do pasado 11 de febreiro, na que esixiu de novo a gratuidade da AP-9 como alternativa á nova A-52 e solución á A-55, coa que a rexedora

local mosense continúa coa defensa a ultranza tanto do municipio de Mos como do territorio en xeral.

Arévalo advertiu sobre o trazado proposto para a nova Autovía A52; que agrede brutalmente tanto ao territorio como á poboación da área Metropolitana de Vigo. Reclamou que se abra un período de diálogo institucional

e técnico cos municipios afectados, que se libere a peaxe do tramo Puxeiros-O Porriño da Autoestrada AP-9, que discorre alternativamente á Autovía A55, e que se propoñan de modo urxente alternativas ao trazado, debido ao grave impacto que ocasiona na parroquia viguesa de Bembrive asó como en Mos.

III edición de CorreMos contra o Cancro



Máis de 700 corredores participaron este 23 de febreiro na III edición da andaina e carreira popular CorreMos contra o Cancro en categorías infantil e adultos, a beneficio da Xunta Local de Mos da

Asociación Española contra o Cancro. Esta terceira edición contou cunha novidade: ademais da andaina de 7 km e a carreira de 10 Km, houbo tamén unha carreira de 5,4 km, moi demandada polo público participante.

Voluntariado para o Mos Verde



A través do programa Coi-daMos, a concellería de Medio Ambiente creou un grupo de voluntariado medioambiental, denominado "vixiantes do Mos Verde", co obxectivo de preservar e coidar os entornos naturais do municipio así como levar a cabo labores de sensibi-

lización na reciclaxe, limpeza, recuperación e fomento da cultura medioambiental.

Esta iniciativa ven a completar a figura do voluntario xestor de colonia felina creada en 2024 para o coidado e control dos gatos rueiros.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmg@hotmail.com

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 153 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684
C/. Cando, 15
O PORRIÑO

986 642 719
C/. Alcalde Daniel Ojea, 10
PONTEAREAS

Proxecto pioneiro para atención de maiores

Salceda leva a cabo un proxecto de atención a 15 persoas maiores da man da Asociación Veciñal Santo Tomé de Parderrubias na antiga escola da Revolta, reconvertida no novo "Obradoiro Social A Revolta". A xefa da unidade contra a violencia de xénero da Subdelegación do Goberno, M^a José Rodríguez, xunto coa Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, a Concelleira de benestar social e igualdade, Se-lene González, e unha representación da directiva da Asociación Veciñal Santo Tomé de Parderrubias, visitaron as instalación para coñecer o labor que levan a cabo a educadora social e o voluntariado, con actividades que inclúen manualidades, pintura, ganchillo, xogos de mesa, lectura, puzzles.



bias, visitaron as instalación para coñecer o labor que levan a cabo a educadora social e o voluntariado, con actividades que inclúen manualidades, pintura, ganchillo, xogos de mesa, lectura, puzzles.

Soutelo trunfa no Entroido de Salceda

Acomparsa O Borrallíño de Soutelo foi a triunfadora do desfile de carrozas e comparsas celebrado en Salceda o domingo de Entroido. Os premios desta edición foron: persoa participante de maior idade: Pontellas, mellor coreografía: Soutelo, temática máis orixinal: Soutelo, mellor vestiario: Talismán, mellor maquillaxe: Soutelo, comparsa máis festeira: Peña Jolgorrio, coplas mellor recitadas: A Picoña, coplas máis divertidas: Peña Jolgorrio, mellor carroza: A Picoña, mellor conxunto global: Soutelo e premio especial polo 25 aniversario: San Xurxo.



III edición do Programa Xuntas



Salceda, Salvaterra e As Neves presentaron a III edición do Programa Xuntas, unha iniciativa pioneira de xestión de políticas de igualdade financiado pola Xunta con fondos europeos.

Xuntas aposta por unha in-

tervenção pública con alta especialización das formadoras e profesionais da psicoloxía e o dereito cun nexo arredor da participación, a transversalidade, o principio de igualdade e o feminismo como elemento nuclear das actividades.

Rancho de Entroido



O domingo de Entroido ao mediodía, as rúas salcedenses gozaron do tradicional Rancho de Entroido

de A Feira, acompañado polos cabaleiros e mamarrachos nun espectáculo de gran colorido e vistosidade.

¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO DE TUS SEGUROS

ENVÍANOS UN WHATSAPP Y TE ENVIAMOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 53 14 10
633 60 12 57
josefux.bugarin@agencia.axa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

José Abrales Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra) Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURÍA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

BNG na Asemblea EUROLAT no Salvador

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, participou na Mesa Executiva da Asemblea Euro-Latinoamericana (Eurolat) no Salvador para preparar a vindeira asemblea do Eurolat que se celebrará no vindeiro mes de abril. “É a primeira vez que o BNG participa neste órgano de dirección en representación do grupo parlamentar Verdes-Alianza Libre Europea”, explica Miranda ao respecto.

A eurodeputada galega tamén desenvolveu unha intensa axenda de reunións con representantes de diversas asociacións e colectivos, entre os que destacan familiares de desaparecidos, mo-



vemento feminista, a Asociación de Xornalistas do Salvador e xornalistas independentes, o movemento ecoloxista en defensa da auga e contra a megaminería,

así como ONG's de cooperación, organizadas na rede FOCIS, o Foro de Organizacións de Cooperación Internacional Solidaria do Salvador.

A Xunta estuda os cambios organizativos que supón a nova Lei de Xustiza

O director xeral de Xustiza, José Tronchoni, participou nas Xornadas sobre a Lei de medidas de eficiencia do servizo público de xustiza, organizada polos colexios da Avogacía e de Procuradores de Vigo, onde afondou nos cambios organizativos que supón esta nova norma aprobada polo Goberno central o pasado xaneiro e que deberá poñerse en marcha a partir do vindeiro 1º de xullo.

A Xunta xa está a traballar para desenvolver a oficina xudicial co obxectivo de cumprir co que



se demanda na lei. Deste xeito, os xulgados unipersonais cambian de nome e pasan a chamarse tri-

bunais de instancia. Garántese igualmente a permanencia dos 268 xulgados de paz en Galicia.

A Xunta busca cooperación con EEUU

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, reuniuse na Casa de Galicia en Madrid, coa conselleira para Asuntos Económicos da Embaixada de EE.UU, Nazanin Berarpour. Corgos destacou a estabilidade política e institucional de Galicia que a sitúa como un territorio atractivo para o investimento, ao contar cun marco xurídico seguro e cun modelo fiscal competitivo.



A AELG abordará o impacto da IA na creación escrita



A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou este 1º de marzo na Coruña a súa Asemblea Xeral de socios/as, na que acordaron a programación para este 2025 na que destacan a homenaxe a Xosé Manuel Beiras co gallo da

XXXI edición de “Escritor na súa Terra – Letra E”; nomear como Escritora Galega Universal á palestina Shahd Wadi; a celebración do Encontro Galeusca; e abordar as diversas maneiras de tratar o impacto da Intelixencia Artificial (IA) na creación escrita.

Ponteareas instala marquesiñas nos accesos aos pavillóns do complexo Álvaro Pino



O Concello de Ponteareas ven de instalar cinco marquesiñas que cobren os accesos aos pavillóns deportivos do complexo Álvaro Pino, cun investimento de 10.700 euros.

Estas estruturas, ademais de permitir resgardarse da choiva, buscan protexer a entrada de

auga hacia o interior e sinalizar os accesos nunhas instalacións de alto tránsito de persoas usuarias.

Ademais, tamén se habilitou un espazo para conserxería e oficina do futuro técnico deportivo, un perfil profesional que o Concello prevé incorporar.

DÍA DA ÁRBORE 2025

No monte comunal de Ponteareas

Sábado, 15 de marzo a partires das 11 da mañá nas Chans

ESPEROTE!

COLABORA:

Clínica Alsana
Tu Clínica Dental

Caldeirón Viego - C/ Socorro nº 4 - Tlf: 91 846 78 09
Ponteareas - Avd. Castrelos nº 63 - Tlf: 986 64 21 10
www.clinicasalsana.com